

# Catro anos de experiencia con blogs na docencia universitaria

## A Universidade da Coruña aposta polo emprego de blogs como ferramenta de ensino

Antonio S. Río Vázquez

**A** Unidade de Investigación sobre Arquitectura do Departamento de Composición da Universidade da Coruña leva catro anos empregando blogs como apoio á docencia da materia Introducción á Arquitectura, que se imparte no primeiro curso da titulación en Arquitectura.

Dentro do curso inicial dos estudos, onde se inicia a formación do futuro arquitecto atendendo desde o primeiro momento ó triplio soporte reflexivo, proyectivo e construtivo do feito arquitectónico sitúase a materia Introducción á Arquitectura como a encargada de espertar e/ou acrecentar o interese pola Arquitectura e pola súa razón de ser, aproximándose ó seu concepto desde a teoría e desde a historia e fomentando a capacidade analítica, o sentido crítico e o desenvolvemento lóxico do alumno no amplo campo que vai desde a cidade

ó deseño elemental, como territorio propio da Arquitectura. Trátase, por tanto, dunha materia de singular importancia, orientada a servir de ligazón entre a súa experiencia vital anterior co resto da súa carreira e a súa futura vida profesional.

Estamos detectando, ano tras ano, que os douscentos alumnos que ingresan anualmente perderon a actitude participativa de outros tempos. Con todo, o alumno de primeiro curso chega cun maior coñecemento das novas tecnoloxías, ferramentas e aplicacións vencelladas a sistemas informáticos e a internet. Rapaces que posúen un enorme potencial de adaptación a continuos cambios tanto por idade como por formación. Actualmente, a educación no noso país non avanza ó mesmo ritmo que o fai a tecnoloxía, como avisan desde a Unión Europea. Con todo, a rapidez das innovacións tecnolóxicas apenas permite que poida disporse da perspectiva necesaria para ter en conta



as dimensións organizativa, social e cultural dos seus usos.

Desde a materia vense expondo un continuo proceso de axuste de contidos e de tutoría dos alumnos na procura da máxima eficacia na súa implicación nos estudos, así como do máximo éxito na asimilación da materia.

A visión cara ao futuro cos cambios que implica a inmediata implantación do proceso de Bolonia, a incorporación de novo profesorado de idades e traxectorias persoais moi diversas que ademais fora formado na propia materia, as experiencias de terceiros, xunto coa intención de avanzar, convertéronse na oportunidade e ademais na excusa perfecta para indagar na procura de novas ferramentas de traballo que favorecesen o seguimento, a tutoría e o complemento do ensino presencial. É pois de capital importancia iniciar experimentos a fin de extraer conclusións sobre o que poderían ser a escola, a universidade e a formación do futuro.



a web 2.0 presentouse como un espazo útil que permite un rápido proceso de axuste para todos: lugar dos usuarios, lugar de interacción, lugar social, lugar tecnolóxico, escenario onde conflúen usuarios, servizos, medios e multitude de ferramentas. A primeira vantaxe que atopamos é precisamente a enorme facilidade para crear, xestionar e administrar contidos, que ademais poden chegar a interactuar entre si e permiten traballar sen ter uns coñecementos amplos de informática.

Dentro da variedade de aplicacións posibles, entendimos o formato blog como aquel que polas súas características mellor encaixaría nas nosas necesidades. Decidimos aloxalo en Blogger, pois nos parecía cómodo e flexible á hora de recibir, organizar e publicar información de calquera fonte, e cunha gran sinxeleza e inmediatez no seu uso, o cal era importante pois se intuía posible a utilización dunha crecente cantidade de aplicacións moi diversas e que puidesen ligar facilmente coas clases maxistras tradicionais.

As entradas clasifícanse en tres tipoloxías principais: Internas, Externas e Outras. A primeira engloba todos os temas relacionados directamente coas clases impartidas: prácticas, visitas a obras, bibliografía, etc. Son as menos innovadoras posto que se limitan a traspasar virtualmente o que sería un taboleiro de anuncios na aula. Con todo, desde o momento en que se abren a comentarios, o modelo tradicional transfórmase, logrando unha comunicación multidireccional difícil de lograr

previamente. Na segunda tipoloxía tratamos de incorporar noticias de actualidade, información dispoñible en internet ou propostas dos propios alumnos que, sen ter unha relación directa coas leccións impartidas, a partir da súa publicación no blog e coa colaboración do profesor e outros alumnos, esta relación poida darse. Finalmente, a terceira tipoloxía englobaría as entradas de calquera outro tipo: Avisos puntuais que non teñan que ver coas leccións, problemas no funcionamento da aplicación, etc. Son as menos frecuentes e poucas veces tivemos que recorrer a elas.

O blog de *Introducción á Arquitectura* (iala0910.blogspot.com) consolidouse como unha ferramenta didáctica, útil e eficaz para alumnos e profesores que permite unha maior comunicación e fomenta a capacidade crítica e expresiva, ademais de ser unha posible forma de avaliación continua, como se expuxo nos Congresos Internacionais de Educación Universitaria realizados nos últimos anos en Xirona e Vigo. A experiencia descrita, que conta xa con catro cursos de desenvolvemento, tivo unha moi boa aceptación por parte do alumnado, polo profesorado –interno e externo ó centro, chegando incluso a realizarse colaboracións desde outras universidades– e supón un importante complemento da actividade tutorial e formativa, que sen substituír aos modelos de ensino tradicional, se presenta como unha alternativa docente a ter en conta no inminente Espazo Europeo de Educación Superior.

debates, as prácticas, os anuncios e avisos relativos á materia. Pretendíamos unha ferramenta de fácil uso, sen aprendizaxe previa ou moi elemental para o neófito, onde a súa utilización non supuxese un esforzo extra e que permitise establecer unha comunicación claramente bidireccional pero sempre orientada. Queríamos que o alumno se involucrase sen dificultade fóra das horas de clase. Ansiabamos unha docencia non lineal e participativa, onde abrir novos temas non supuxese pechar outros.

Claramente, as aplicacións externas triunfaban ante as rixidas opcións institucionais: As vantaxes da actitude 2.0 encaixaban á perfección no noso propósito de utilización dun modelo máis aberto. Si os mecanismos naturais da aprendizaxe están vinculados ao continuo proceso de experimentación e de reflexión,

